

Carmen Llonin

Poética de nebulosas

A natureza foi o primeiro "grande obxecto" de dimensións inasibles que o home esquematizou nas covas do paleolítico. Un ámbito onde as forzas do atmosférico, o climático, os movementos animais e o constante devir eran representadas buscando coa súa plasmación o propiciatorio. A manda, a chuvia e o concepto de tribo foron as primeiras representacións.

A arte converteuse nas primeiras sociedades nunha representación da envolvente que recollía os matices dun tempo, un ambiente, un espazo e un lugar concretos como lugar da experimentación coa referencia cultural e co feito cultural que daba apoio á observación. Foron, moito máis tarde, as vangardas históricas as que romperon esa monofocalidade analizando e multiplicando os distintos aspectos que a percepción mantiña vivos para coa obra, o obxecto artístico vinculado coa comunicación e que se transformaba na canle capaz de facer dialogar o artista e o espectador.

Carmen Llonin presenta nesta exposición toda unha sorte desas percepcións que, como antano, envolventes formulan un límite entre o que é e o que se sinte. A súa proposta fundamente máterica formula moitas lecturas e faino sabendo adquirir ese halo de poesía que o coñecemento atopa no ancestral, no ámbito do arraigado na psique e na conciencia do autóctono. A viaxeira mirada no tempo que anhela chegar de novo a converterse nunha realidade do hoxe como transformación e catarse da contemporaneidade. A súa obra adquire unha dimensión nova, con un marcado carácter propositivo vinculado á natureza e en cuxo xerme se pode repensar o observado e o apreendido.

Non debemos, non obstante, manter á marxe o obvio, o accidental e a mirada panteísta, curiosa e á espreita que as súas obras conteñen, esa onde o obxecto vexetal se personaliza e é trazado como experimento xerminal dun ritmo propio. As obras tratadas con veladuras de parafina e conxeladas nun tempo calmo son as que falan e nos incitan a unha reflexión subxugante que rescata a mirada para convertela en diálogo íntimo, murmurador, cómplice no seu vexetal despregamento e celosamente gornecido nesa natureza de follas, pedras, turbas e codias.

A súa traxectoria comeza de xeito autodidacta e o seu primeiro obxecto de reflexión gráfica é o corpo humano, obxecto do que quixo fuxir voluntariamente cara a expresións onde unha sutileza de abstraccións toma apoio no orgánico e nas texturas naturais que afianzan as calidades e texturas que a autora emprega. Son estes primeiros comezos os que contrastan coas súas investigacións sobre a vexetación expansiva, sobre os conceptos de herba e campo. Tamén as súas investigacións máis actuais sobre a natureza e o azar sérvenlle á autora que se sinta cómoda ante eles para querer evadir todo vínculo co figurativo como corporeidade, se ben comprendemos enseguida que agora o representado, o organizadamente disposto nun azar que flúe, parece figurado e insufla un fondo carácter de corte humanista e de introspección.

A utilización das texturas vexetais das gramíneas configura o apoio que a artista considera idóneo ao establecer un diálogo cromático entre a representación dunha montaña coroada polo sol e a relación etimolóxica da palabra Valadouro, val de ouro co que establece un xogo de similitudes de forma e significado. Con "Etimoloxía de Valadouro" propón un vínculo mimético coa dourada cobertura e o tondo que aparece a xeito de sol sobre a representación querendo levar obxectualismos promovidos polas vangardas históricas ao novo representar do val. Esta obra supón a recuperación da linguaxe formal empregada xa por certos esquematismos construtivitas se ben aquí a autora opta por

comprender que forma, significado e significante formulan distintas lecturas do cadro.

A soidade e a hibernación aparecen en "Poética dunha folla caduca" como todo un exercicio que dota á folla dun silencio atemporal. A artista traslada a propia folla a unha inmersión na materia fundente e anquilósaa, quere presentar así toda unha bagaxe sensorial, onde o corpo vexetal na súa última expresión de apertura, antes de que os beta carotenos amarelados exhalen o seu último movemento verdor, para convertela en sutil e quebradiza follaxe. Llonin recupera o último momento desa caduca plenitude, e conxélao, dun xeito taxonómico, para facela flotar nun plano branco de líquida calma.

A acumulación de masas e o seu significado, como esa barreira construída coas reviravoltas dunha pedra que non é tal por fluír en masas de parafina, acentúan o carácter de agrupación e de materia constringida no espazo que o cadro lle permite á parafina tratada. Así, en "Unidades ordenadas" a mímese que o material permite desenvolver xera efectos de saturación e de desbordamento, un xogo de escalas que presenta unha profundidade ascendente e unha abertura que achega un horizonte alto, que potencia a idea de desequilibrio e inestabilidade desa orde pétreo.

Llonin confésase aberta ao campo do escultórico cando é, non obstante, a súa cultura iniciática a pintura. Esa experimentación vivida a través dos intersticios que permite o volumétrico dota as obras escultóricas de Llonin dun marcado carácter intelectual, que rastrea e busca nas primeiras culturas e nos seus fitos.

O menhir e o fito relendo os conceptos do simbólico aparecen cargados de forza en "Columna de ósos". Llonin emprega a natureza e ordénnaa horizontalmente en esquematismos que achegan esta peza ás investigacións levadas a cabo non só por escultores coma Brancusi, senón tamén por autores temporalmente máis próximos coma Adolfo Barnatán. A secuencia de volumes e o volumétrico conflúen nunha conversación de liñas de tempo. Crecemento vertical que se erixe por amoreamento dos obxectos inertes. Fálalle a autora a un espectador que comprende o establecemento dunha comunicación mais íntima en tanto que fito, referencia centrípeta que converte a escultura nun consenso de significacións ancestrais e totémicas. Investiga tamén coa escultura nos conceptos de agrupación e no seu "Espazo circular" aparece unha envolvente de verticalidades, con base cerámica que transfere os humildes paus nunha sinfonía de espazos intersticiais abertos e en diálogo. É esta unha obra que se apoia nun estudo de relacións levadas a cabo na intervención ambiental "Oito paus", realizada na praia de Peizás en Foz, onde oito paus de madeira, fincados na area, confiren un diálogo co horizonte. Enseguida nos recorda esta actitude os vínculos espaciais e de representación coas obras plásticas dos galegos Llorens e Correa Corredoira.

Gran parte das obras presentadas nesta exposición son unha proba do saber dunha artista que dialoga de xeito intimista cos axentes da natureza. Vento, lume, madeira e terra vólvense conxugar nun totum de expresividades primixenias que tornan na obra de Llonin nun diálogo, reforzo na crenza dunha volta a comprender a natureza na súa extensión máis vital e cambiante.

Auguro con esta retrospectiva sobre a obra de Llonin un camiño de investigación repleto de novos enfoques que, axudados dunha pausada mirada sobre as diferentes obras, contribuirán á construción dunha linguaxe personalísima de fonda reflexión dentro do panorama artístico galego.

Carlos Lafuente Pacios
Historiador e crítico de arte



Poetica de nebulosas
100 x 120 cm - Técnica mixta




Etimoloxía do Valadouro

120 x 100 cm - Millo e barniz



Orgánico
30 x 30 cm (unidad) - Técnica mixta



Sin título

100 x 120 cm - Técnica mixta



Espacio circular

56 x 38 x 17 cm - Adobe e paos de eucalipto



Resume

80 x 140 cm - Técnica mixta